

TEXTOS PARA A BANDA SONORA DE **SEMPRE XONXA**

TRASDOMONTE

Alegre. Sen fronteiras. Cheo de frescos outonos cheos de cometas, de berros e carreiras infantís, de verdes agochadelas, de cheiros libres, de agudas chamadas de paxaros emigrantes. Alagado de nenos e nenas sen sentido de culpabilidade que xogan coa morte e coa vida. Cuberto de pegadas poéticas, de pedras moldeables, de feminina luz.

Pequeno. Como un pobo de bonecos. Casas raquíticas. Casas amoreadas compartindo o vento, o frío e a fame. Facendo unha fronte defensiva contra o caprichoso destino, como unha grea de cabalos nouturnos defendéndose do lobo.

Perdido. Con ecos solitarios, con berros inútiles, con amores circulares físicos, animais, co sexo cheirando a caldo e a chourizo.

Solpores eternos, rubios, a piques de reventar, que coan polos poros do corpo e medran no peito.

«Trasdomonte». Principio e fin

CRI CRI CRO CRO

«Querida madre:

Por la presente espero que se encuentre bien de salud, yo bien gracias.

Ya se que ahora no esperaba mi carta, que puede ser una sorpresa después de tantos años, pero ya ve que no la olvido.

Solo esperaba que hubiera buenas noticias pero tardaron más de lo que pensé. Vuelvo la próxima primavera.

Voy para darle lo que nunca tuvimos. Un beso.»

«O SEÑOR SOL»

Hai moitos anos, na última casa derruída que mira ó val, vivía un señor moi gordo, moi gordo, que sempre estaba contento. Aquí, en Trasdomonte, ninguén coñecía a tristeza porque cando alguén perdía a alegría ía onda el e volvía cantando e bailando.

... ¿E sabes quen era el? ... El era o Señor Sol.

Noutro cabo do lugar vivía unha moza moi guapa, pero un chisquiño mimeira. Tódalas noites cunha voz suave cantaba unha canción máxica que facía soñar a todos soños marabillosos.

... ¿E sabes quen era? ... Era a Amiga Lúa.

O Señor Sol e a Amiga Lúa estaban moi namorados e pasaban o día xuntos, xogando e ruando collidiños da man. Pero un día, un lóstrego rachou o ceo, e del xurdíu un home vello e serio cunha barba longa...

... Desde entón hai moitas noites coma esta nas que o Señor Sol se sente tan triste e tan só, que chora e suspira tanto, que as súas bágoas convértense en chuvia e os seus suspiros en vento ... e vai petando polas portas preguntando pola súa amiga a Lúa ...

... ¿E sabes o que dixo o señor das barbas brancas? ... «O voso amor é imposible! Nunca máis volveredes estar xuntos».

PANCHO: FILLO DUN VOO

... Unha noite de primavera-vindo da festa do Corpus de Fisteus, deixaron que os demais se lles adiantasen e entre a herba, a calor, as estrelas, os berros das curuxas, a lúa nova, o cheiro a suor animal e unha cousa imparable alá abaixo, Rosa deixouse entrar. Deixouse porque naquela escuridade alucinante non lle podía poñer fronteira ó corpo. A tenra carne e a fervenza do sangue novo fixérona sentir coma un paxaro nun ceo de pracer tan grande como inxusto que ela alongou tanto que cando volveu a ser muller o Gabino estaba durmindo tres metros máis abaixo.

Tres meses máis tarde, cando voltou a velo na festa do Libramento. achegóuselle para llo dicir. El, ó vela, sorriu con ese sorriso de neno grande que o fai tan débil, pero a penas un segundo despois colleuno polo brazo outra muller para apartalo. Gabino mantívose firme, mirou a Rosa, mirou á muller e dixo volvendo a vista ó chan: «Rosa, a miña muller Carme. Casamos hai quince días».

A Rosa deulle pena, presentiu que un home se perdera para sempre. Homes como Gabino debían andar ceibes, como grañóns. sementais espléndidos de propiedade comunal, incapaces de facer mal, sempre prestos para ser utilizados por mulleres en caso de imprevista necesidade nesas noites de calor traicioneira.

Rosa pariu no mes de marzo. E quere ó Pancho porque sabe que é fillo dun voo. E cando ve ó Gabino pensa que non lle importaría volver a perderse outra vez con el. Pero sabe que el xa non é o que era. Ela si, ela é máis.

SEMPRE XONXA

Pra voar non fan falla
nin papeis nin razóns.
Pra voar non hai normas,
non hai tempos nin leis.
Pra voar non precisas máis
que deixar atrás o real
e botar a voar.

TEMA DO BIRUTAS

... e ás veces, cando te miro,
sinto que me desexas tanto coma min
e penso que non vivín enganado,
que non me mentiches ...

«UNHA TEORÍA DE FERREIRO»

«Vostede, que é un home lido, de mundo, que sabe, podería explicarme por que o ouro ten tanto valor. ¿Por que non vale máis o ferro que é máis pesado e vale para máis cousas? Porque a xente pensa que un quilo de ferro pesa igual ca un quilo de ouro. E iso non é verdade, anque vostede se ría.

O ferro pesa máis porque non brilla, e non é cuestión de matemáticas senón de filosofía, ¿Vostede ségueme?»

«¿QUE PRECISAS PARA SER FELIZ?»

«Onte algúns de vós estabades xogando cunha cometa, escapousevos e deixastes que se pedese. É de supoñer que pensastes que ó fin e ó cabo unha cometa non é máis ca unhas canas e uns papeis de colorís, ou que do mesmo xeito que fixestes unha, pois podedes facer outra.

Pois ben, quero que saibades que non hai dúas cometas iguais e que a vida está chea de cousas sinxelas, como as cometas, que se deixamos que se perdan unha vez, xa nunca máis as recuperaremos ...»

A CALADIÑO ($2 + 2 = 5$)

Caladiño sempre traballou na forxa de Trasdonte. A forxa é a desculpa, o dis-
frace dun laboratorio revolucionario. A súa é unha revolución persoal, interior, com-
plicadamente sinxela. Traballa cando lle peta. Disque sabe o segredo da eterna xuven-
tude. Os poucos pelos que ten na cabeza saénlle disparados por mor da electricidade
xerada polas inqedas neuronas do seu cerebro.

Ollos áxiles, vivos, suxerentes, sempre atentos. Nariz de xudeu, agúa de escuros
imperios. Movementos nerviosos que rachan o aire que domea. Incansable investiga-
dor iluso, aventureiro de mares e lóstregos interiores.

Caladiño é misóxino, abstemio e ateo, pero gracias a Deus profésalle un amor pla-
tónico a Mimí. porque ademais de se-la criada do cura ten unhas tetas moi grandes.

Fe cega no increíble, no invisible, no impalpable, no imposible. Calculador inven-
tible, creador lexendario, filósofo natural e matemático autodidacta... ¡Que vou dicir
do Caladiño! Tan anarquista que nin anarquista é.

TEMA DO PANCHO

Por esa mirada limpa
que baila entre a noite e o día.

Por esa sombra branca
chea de luz, de auga, de montaña.

Por estas borracheiras de silencio,
de tragar suspiros, palabras e tempos...

Todo...
... por un teu bico

(De Pancho a Xonxa. Cando mozos)

A ÚLTIMA TRASTADA

Hai unha sumisa disposición, unha silenciosa aceptación dun destino inapelable,
unha aceptación subconsciente da existencia do rebaño como única forma de mani-
festación social, unha fartura de loitas individuais. Cabezas baixas admiten a derrota
despois de tantas loitas. Ríndome. Rendímonos.

DON CAMILO

A Don Camilo, como tódolos curas da súa quinta, metérono no seminario moi novo. Un día, na escola, equivocouse e fixo ben unha raíz cadrada. O mestre comen-toullo ó cura e o cura falou cos pais, que axiña, como non, unha boca menos, mandárono para o seminario.

Militón, que así lle chamaban os amigos, deixouse ir. No seminario non tiña que ir coas vacas e daban de comer quente tres veces ó día. Co tempo aprendeu a toca-lo harmonio e falar en latín, que soaba moi solemne, moi de verdade, vamos. Así foi engordando e leva dez anos en Trasdamente facendo misión, cultivando estes erexes que soamente fan cagarse en Dios, salvando ánimas, rezando o rosario co burro porque ninguén o reza coma el... En fin, vivindo como un cura, que non é doado, misando ás veces sen ganas, confesando mulleres que cren que pecan, aguantando...

Don Camilo é todo un profesional, serio, boa xente, conservador, «non plus ultra», non entende de política mentres non lle toquen as propiedades. Cen quilos ecuménicos, sotana brillante desgastada, ollos saltóns e beizos que ás veces se moven sen dicir máis que pensamentos inconfesables.

INTERIOR

Maletas, baúles, nenos, caixas, caixóns, vellas, bolsas, bolsos, homes, mulleres, mozos amoreados diante dos gardas de aduanas que inspeccionan as súas equipaxes cheas de pobreza, abarrotados de cousas inútiles, de recordos, de retratos encerrados en vellos marcos, nais encadeadas baixo un cristal, enmarcadas por catro madeiras, mesturadas con botellas de augardente, da derradeira augardente para apaga-lo lume dalgunha futura noite de xelo...

(Textos publicados en *Sempre Xonxa. Banda sonora da película*. Edigal, Santiago, 1990.)